

COMUNIDADE DE PROPIETARIOS POLIGONO INDUSTRIAL

()

NOTIFICACIÓN

Notifícaselle que o Pleno da Corporación Municipal, en sesión Ordinaria celebrada en data 26-05-2025 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

7.- PROPOSTA DE ESTATUTOS DA ENTIDADE DE CONSERVACIÓN, XESTIÓN E MODERNIZACIÓN (ECOXEM), DO POLÍGONO DE CARBALLO. APROBACIÓN. (CIRIAX DE 20/05/2025)

O Presidente da sesión deu conta do ditame favorable da Comisión informativa de Réxime Interior e Asuntos Xerais do día 20/05/2025, punto 2 da orde do día, relativo á proposta de 15/05/2025, contida no expediente 2025/G006/000235, relacionado co expediente 2025/U004/000086, cuxa parte expositiva se transcribe:

“ANTECEDENTES DE FEITO

O día 11/02/2025 (RE núm. 202500000000558), a comunidade de propietarios do Polígono Industrial de Bértoa remite unha convocatoria de Xunta xeral extraordinaria para o día 19/02/2025 en cuxa orde do día refírese a aprobación, se procede, dos Estatutos polos que rexerá a Entidade de conservación, xestión e modernización (ECOXEM) do Polígono de Carballo, para a súa posterior remisión ao concello de Carballo para o obxecto da súa aprobación.

En data 30/04/2025 (RE núm. 202599900002574), presentase a acta da reunión da xunta xeral extraordinaria de propietarios do Polígono de Carballo do día 19/02/2025, da que se desprende a aprobación do borrador dos estatutos por unanimidade dos membros presentes (67,3993%) e a súa remisión ao concello de Carballo para a súa aprobación.

O día 14/05/2025 (RE núm. 202599900002962), presentase de novo a proposta de estatutos con diversas modificacións.

A secretaria municipal emite informe xurídico favorable á aprobación dos estatutos o día 15/05/2025.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

O capítulo II do Título V da LAEG, referido á xestión e conservación das áreas empresariais, recolle o réxime xurídico de aplicación ás entidades de conservación de áreas empresariais.

Os artigos 78, 79 e 80 refíren o réxime xeral de aplicación na conservación de áreas empresariais.

O artigo 85 LAEG refire o procedemento de constitución das entidades de conservación, e determina que as persoas promotoras e lexitimadas para a constitución da entidade de conservación, xestión e modernización deberán redactar uns estatutos e elevalos ao concello para a súa aprobación. Nos devanditos estatutos contemplárase necesariamente a participación na entidade dunha persoa representante do concello e a cota de participación que corresponda a este último. O concello aprobará mediante acordo expreso os estatutos e calquera modificación dos mesmos.

O apartado 2 deste artigo describe o procedemento a seguir unha vez aprobados os estatutos”.

De seguido, ábrese a quenda de intervencións.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



Exp. 2025/G010/000005

Rematadas as intervencións, sométese o asunto a votación.

O Pleno do concello á vista dos antecedentes e fundamentos xurídicos citados, por unanimidade dos concelleiros e concelleiras presentes (12 do BNG, 5 do PP e 2 do PSdeG-PSOE), acadou o seguinte acordo:

- 1º) Aprobar os estatutos que rexerán a Entidade de conservación, xestión e modernización (ECOXEM) do Polígono de Carballo, que presentou no concello a comunidade de propietarios do Polígono Industrial de Bértoa o día 14/05/2025 (RE núm. 202599900002962).
- 2º) Notificar este acordo á comunidade de propietarios do Polígono Industrial de Bértoa, no prazo de dez días hábiles dende a súa data, para o seu coñecemento e continuación coa tramitación contida no artigo 85.2 da Lei 3/2022, do 18 de outubro, de áreas empresariais de Galicia.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, vostede poderá interpor alternativamente o recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes que comezará a contar dende o día seguinte ao da recepción desta notificación, ante o alcalde do Concello de Carballo, de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou o recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses que comezará a contar dende o día seguinte ao da recepción desta notificación, de acordo co artigo 46 da Lei 29/1998 da xurisdición contencioso-administrativa. Se optase por interpor o recurso potestativo de reposición non poderá interpor recurso contencioso-administrativo mentres que aquel non se resolva expresamente ou produza efectos a súa desestimación por silencio administrativo. Todo isto sen prexuízo de que poida vostede interpor calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

Documento asinado dixitalmente na data que figura na marxe.

Secretaría
Marina Núñez Orjales